

## AXUDAS PARA NOVOS EMPRENDEDORES IG406F (DOG Núm. 4 do venres 8 de xaneiro de 2021)

**SOLICITUDE:** 45 días naturais dende a publicación ou ata esgotamento de crédito. (Concurrencia competitiva)

**PARA RESOLVER E NOTIFICAR:** 5 meses dende a publicación.

**PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACION DOS PROXECTOS:** ata data establecida na resolución da concesión, sen que poida exceder do 31 de xullo de 2021. A solicitude de cobramento deberá presentarse antes do 15 de novembro de 2021 para proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 15 de novembro de 2020, e como máis tarde o 31 de xullo de 2022 no resto de proxectos.

### **CONTÍA, IMPORTE MÍNIMO E PROXECTOS SUBVENCIONABLES:**

Considerando a alta intensidade da axuda que se concede e na procura da eficiencia da liña de axudas, **o 80% da base subvencionable ata un máximo de 400.000,00€, estímase procedente exixir un mínimo de execución aos proxectos aprobados, que se fixa na metade do seu importe.** Non se admitirán modificación para reducir a base subvencionable por baixo do 50%.

**Serán subvencionables os proxectos emprendedores de creación ou ampliación de pequenas empresas galegas ou cun centro de traballo en Galicia que na data de presentación da solicitude non teñan máis de 42 meses de antigüidade dende a data de inicio da actividade (primeira alta no IAE).** E os proxectos de reemprendemento, entendendo como tal os autónomos que estivesen de baixa continuada de toda actividade económica por conta propia durante un período igual ou superior a 3 anos, neste caso os 42 meses contarán respecto da primeira alta en actividade económica por conta propia inmediatamente posterior á baixa.

### **REQUISITOS DOS PROXECTOS:**

- Ser técnica, económica e financeiramente viables.
- Ser proxectos completos, é dicir, a realización dos gastos e investimentos subvencionables debe dar como resultado a posta en marcha da actividade ou a súa ampliación.
- Desenvolverse en Galicia.
- A axuda solicitada debe supor un efecto incentivador. Ningún custo incluído na solicitude poderá estar realizado nin comprometido antes da presentación da solicitude.

### **INCOMPATIBILIDADE:**

Estas axudas son incompatibles con outras axudas ou subvencións públicas para os mesmos investimentos e gastos.

Son compatibles con préstamos que contén con axuda pública sempre que non estea financiada con fondos da UE e que a contía total non supere o 100% dos investimentos e gastos subvencionables.

## FINANCIACIÓN:

A presente convocatoria finánciase no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que ten unha taxa de co financiamento do Feder do 80%, computando como co financiamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20% restante.

## BENEFICIARIOS:

- **Autónomos/as e pequenas empresas** segundo a definición da Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, con menos de 42 meses de antigüidade. Incluídas sociedades mercantís, cooperativas, asociación e outras entidades con personalidade xurídica propia; e as sociedades civís, comunidades de bens e outras entidades sen personalidade xurídica propia, sempre que contén con NIF e a súa constitución estea documentada e presentada a auto liquidación do imposto de actos xurídicos documentados. A maioría do capital social ou das participación ten que ser propiedade de persoas emprendedoras.
- Non poderán ser beneficiarios as pequenas empresas que desenvolvan a súa actividade no sector da pesca e da acuicultura, da produción agrícola primaria, do aceiro, do carbón, da construción naval, das fibras sintéticas, do transporte, da produción e distribución de enerxía e das infraestruturas enerxéticas. (Consultar art. 4. 4 das bases reguladoras).

## CONCEPTOS SUBVENCIONALES:

- Obra civil para construción, reforma ou habilitación de instalación, suxeitos aos módulos máximos do anexo IV, levadas a cabo en terreos propiedade do solicitante, ou sobre os cales teña dereito de uso e gozo.
- Bens de equipamento: maquinaria, instalacións específicas, medios de transporte, e vehículos especiais, e medios de protección do ambiente.
- Outros investimentos en activos fixos materiais, incluído mobiliario.
- Activos inmateriais: patentes, licenzas, etc.
- Activos de segunda man, sempre que cumpran os requisitos do artigo 5.1.e das bases reguladoras.
- Gastos de persoal de nova contratación.
- Alugueiro de locais.
- Contratacións externas de servizos informáticos e de asesoramento.
- Custos de informe de Auditorías de contas

## PUNTUACIÓN:

Os proxectos que cumpran coas condición necesarias do artigo 1 serán avaliados de acordo ao baremo xeral do artigo 6, ata un máximo de 100 puntos: compromiso de creación de empresa, investimentos superiores a 50.000€ en activos fixos, innovación, sector de actividade, economía verde e circular, formación, economía social.

## OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

- Asumir a aplicación de medidas antifraude.
- Cumprir a normativa comunitaria.
- Non ser considerada empresa en crise.
- Ter capacidade administrativa.
- Declarar que a entidade non iniciou os investimentos, e non existe acordo para realizar o proxecto.
- Manter un sistema de contabilidade separado e axeitado coas transaccións relacionadas cos gastos subvencionables.
- Conservación de libros e rexistros contables.
- **Permanencia mínima ininterrompida na actividade e manterá infraestruturas e equipamentos subvencionados e, de ser o caso, o emprego, durante un período de 3 anos dende a data límite da execución do proxecto, ou 5 anos de realizar investimento en bens inscribibles nun rexistro público, ou de realizar reformas en inmobles sobre os cales se ten dereito de uso e gozo.**
- Crear o emprego comprometido na solicitude.
- As entidades deberán manter unha composición de capital de acordo co establecido no artigo 4.1 durante 3 anos.
- Someterse as actuación de comprobación que efectúe o IGAPE.
- Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Ter implantado un plan de igualdade.
- Que os provedores non están asociados nin vinculados coa entidade solicitante.
- Outras obrigas do artigo 16 das bases reguladoras.

## DOCUMENTACIÓN:

### En fase de solicitude:

- Memoria descriptiva do proxecto.
- Informe de vida laboral.
- Ofertas solicitadas (presupostos).
- Acreditación documental das condicións requiridas para a puntuación.
- Documento de constitución.

#### En fase xustificativa:

- Documentación do gasto (facturas e xustificantes das transferencias bancarias).
- Informe de auditor de contas no caso de que o proxecto comprenda máis de 20 facturas
- Memoria de execución do proxecto.
- Informes segundo o caso de colaboración externas, activos inmateriais que superen os 25.000€, consultar artigo 17 das bases reguladoras.
- Licenzas municipais.
- Certificado de poder suficiente.
- Contratos de traballo, no seu caso.
- Certificación da propiedade do establecemento.
- De ser o caso, acreditación da exención do IVE.

#### ANEXO III Sectores prioritarios

Axudas do Igape para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Co fin de reforzar o aliñamento dos proxectos seleccionados cos sectores prioritarios da Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0 e coa RIS3 Galicia, nos proxectos dos seguintes sectores, nos criterios de avaliación e selección de proxectos, o criterio de sector de actividade puntuarase con 10 puntos.

1. Sector de automoción, agás talleres de reparación de vehículos.
2. Industria téxtil/moda (confección e complementos), agás o que se refira ao sector das fibras sintéticas, tal como o define o anexo II1 das Directrices comunitarias sobre axudas de Estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08), DOUE do 4 de marzo de 2006.
3. Industria aeronáutica/aeroespacial e auxiliar.
4. Sector químico.
5. Biotecnoloxía, biomecánica, novos materiais, ecoindustria.
6. Fabricación de equipamentos ambientais.
7. Fabricación de equipamentos e sistemas para instalacións de enerxías renovables.
8. Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.
9. Servizos e desenvolvemento de software.
10. Industria da pedra natural.
11. Industria da saúde. Unicamente: fabricantes de produtos focalizados na nutrición, de equipamentos e instrumental médicos, de produtos farmacéuticos, prestadores de servizos sociosanitarios e prestadores de servizos especializados.
12. Industrias creativas.